

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**  
**Ficha documental da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Valentín Paz-Andrade do**  
**19/10/1932**

**Colección:**

**Data:** 19/10/1932

**De:**

Ricardo Carballo Calero;

**Para:**

Valentín Paz-Andrade;

**Orixe:**

Ferrol (municipal), Ferrol (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa:]

**Localización física:**Arquivo familiar Paz Andrade

**Temáticas:**

Epistolario de Ricardo Carballo Calero; Asuntos particulares; Política;

**Mencionados:**

Alexandre Bóveda; Castelao; Ramón Suárez Picallo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Valentín Paz-Andrade do 19/10/1932**

Ferrol, 19-X-32

Sr. D. Valentín Paz Andrade

Querido irmán:

Ignoro si obran no teu poder dúas cartas do Grupo Ferrolán do Partido, solicitando de ti a mercede de un mitin n-esta vila. O certo é que nin tí contestaches a esa petición nin Pontevedra â notificación oficial de constitución do Grupo.

Espero que de esta vez te molestarás en escribir dicindo cando pode ser eso, e con qué oradores podemos contar. Non pode faltar Picallo. Por min, que veñan os tres deputados. E de saber que falaría eu, e outro de eiquí faría a presentación. Creo que nos debes proporcionar non menos de tres oradores. Castelao caería moi ben. O outro podes ser tí mesmo, ou Bóveda, ou quen querades.

Decatádevos do intrés que ofrece a conquista de Ferrol, colonia castrense de Castela, ulster e Gibraltar galego, quinto reino de Andalucía, etc, etc, etc. Xa veriades que o Grupo se move, pero apenas hai máis orador que eu, e diñeiro ningún. Non nos esquezades, ou nos pasaremos a Álvaro.

Ocorre que eu fun n-outro Director de Prensa da FUE, pol-o cal facía «Scholarum». Dende entón, o Pueblo Gallego enviáseme gratuitamente. Pero como agora estóu en Ferrol, non o recibo, e o recibe a miña ex-patrona de Santiago, o que non é xusto. Rógoche que fagas a oportuna xestión pra que, si se empeñan en mandarmo, mo manden a Ferrol, Sinfiriano López, 183,3<sup>o</sup>, e non a Santiago, Troya, 10 baixo; antre outras razóns porque en Troya non podo recibilo.

Espero que me responderás axiña, ante a ameaza de escisión. Escríboche ô Pueblo porque da túa dirección samente lembro a verba «Urzáiz». Apertas.

R. Carballo Calero

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.